

UNIDADE 12: A REVOLUCIÓN RUSA

1. Introducción

A Revolución rusa de 1917 constitúe un dos acontecementos máis importantes da Historia Contemporánea, xa que supuxo a caída do tsarismo e a creación do primeiro Estado socialista do mundo. Este proceso revolucionario non só transformou profundamente a estrutura política, económica e social de Rusia, senón que tamén tivo unha enorme repercusión internacional ao cuestionar o sistema liberal e capitalista dominante.

Ademais, a Revolución rusa debe entenderse no contexto de crise xeral que afectaba a Europa a comezos do século XX, especialmente debido á Primeira Guerra Mundial. As dificultades económicas, as desigualdades sociais e a incapacidade do réxime tsarista para levar a cabo reformas efectivas explican o estalido dun proceso revolucionario que marcaría o rumbo do século XX.

2. Declive do tsarismo

A comezos do século XX, **o Imperio ruso era unha das maiores potencias territoriais do mundo, pero presentaba un profundo atraso económico, social e político** en comparación coas potencias europeas occidentais. O seu sistema político baseábase nunha **monarquía absoluta encabezada pola dinastía Romanov**, na que o tsar concentraba todos os poderes e non existía unha verdadeira representación política da cidadanía. Ademais, o réxime apoiábase nunha forte represión política exercida a través de organismos como a Okhrana, a policía secreta do tsarismo, encargada de perseguir e eliminar calquera forma de oposición.

A sociedade rusa caracterizábase por unha **forte desigualdade**. A maioría da poboación estaba formada por campesiños sometidos a duras condicións de vida, aínda que dentro deste grupo existían diferenzas, destacando os **kulaks**, campesiños acomodados que posuían terras e que, en moitos casos, actuaban como intermediarios económicos no mundo rural. Xunto a eles, unha crecente clase obreira urbana traballaba en condicións moi precarias, o que favoreceu a expansión das ideas socialistas e revolucionarias.

Neste contexto xurdiron diversos movementos de oposición ao tsarismo, entre os que destacou o Partido Obreiro Socialdemócrata Ruso, de ideoloxía marxista, que acabaría dividíndose

en dous grupos, os menxeviques, partidarios dunha revolución máis gradual e aliada coa burguesía liberal, e os bolxeviques, que defendían unha revolución inmediata dirixida por unha vangarda revolucionaria.

As primeiras manifestacións de descontento fixéronse evidentes tras a **derrota na Guerra ruso-xaponesa (1904-1905)**, un conflito que puxo de manifesto a debilidade militar e organizativa do Imperio ruso fronte a unha potencia emerxente como era o Xapón imperial e industrializado saído da Revolución Meiji.

2.1. Revolución de 1905

Esta derrota fronte aos nipóns provocou unha grave crise interna que desembocou na **Revolución de 1905, iniciada co chamado “Domingo Sanguento”**, cando unha manifestación pacífica en San Petersburgo foi duramente reprimida polas tropas do tsar. A partir dese momento, estendéronse folgas, revoltas campesiñas e motíns militares por todo o país (destacando a dos mariñeiros do acorazado Potemkin, en Odessa), ao tempo que xurdían os primeiros soviets como formas de organización popular.



Cadro “Domingo Sanguento”, de Ivan Vladimirov

A raíz destes acontecementos, o réxime viuse obrigado a introducir **certas reformas**, establecidas no “Manifesto de outubro” do tsar Nicolás II, como a creación da Duma (parlamento) e a concesión de liberdades limitadas. Porén, estas medidas tiveron un alcance moi reducido, xa que o tsar mantivo o control efectivo do poder, disolvendo a Duma en varias ocasións e bloqueando moitas das iniciativas reformistas. Durante os anos seguintes mantívose unha forte inestabilidade política e social, caracterizada pola continuidade das protestas, a represión política e unha crecente radicalización dos movementos opositores.

A situación empeorou coa **participación de Rusia na Primeira Guerra Mundial**. O exército ruso sufriu importantes derrotas fronte a Alemaña, o que provocou enormes perdas humanas e un progresivo afundimento da moral. Ao mesmo tempo, a economía colapsou, xa que escaseaban os alimentos, aumentaban os prezos e agravábanse as condicións de vida da poboación. Todo isto provocou un crecente malestar social que desembocaría nas **revolucións de 1917**, que puxeron fin ao tsarismo e transformaron radicalmente o sistema político ruso.

3. Revolución de febreiro de 1917

En febreiro de 1917 (marzo segundo o calendario occidental), estalaron en Petrogrado (actual San Petersburgo) unha serie de protestas populares motivadas pola escaseza de alimentos, especialmente de pan, e polo cansazo provocado pola guerra. Estas mobilizacións, que inicialmente tiveron un carácter espontáneo, foron adquirindo rapidamente unha **dimensión política**, reclamando o fin da autocracia dos Romanov.


Un papel fundamental nestes acontecementos desempeñárono os **soviets**, uns consellos formados por obreiros, campesiños e soldados que actuaban como órganos de representación popular. A estes sumáronse numerosos soldados, que se negaron a reprimir as protestas e pasaron a apoiar aos manifestantes, o que resultou decisivo para o triunfo da revolución.

Ante a incapacidade de controlar a situación, o tsar Nicolás II viuse obrigado a abdicar, poñendo fin á monarquía. No seu lugar constituíuse un **Goberno Provisional, de carácter liberal e democrático, no que destacaron as figuras de Georgi Lvov e Aleksandr Kerenski**. Este novo goberno asumiu o poder coa intención de instaurar un sistema parlamentario e continuar o proceso de modernización iniciado tras 1905.

Desde o inicio, o Goberno Provisional tivo que facer fronte a graves dificultades. Por unha banda, debía responder ás demandas sociais e económicas da poboación (reparto de terras, mellora das condicións laborais, solución á crise alimentaria...) e, por outra, debía decidir sobre a continuidade de Rusia na Gran Guerra. A súa decisión de manterse no conflito resultou moi impopular e provocou unha rápida perda de apoio.

Esta situación deu lugar a un sistema de **“dobre poder”**: por un lado estaba o Goberno Provisional, que representaba a legalidade oficial; por outro, os soviets, que contaban cun amplo apoio popular e crecente influencia política. Dentro destes últimos foron gañando protagonismo os **bolxeviques**, un grupo revolucionario marxista liderado por **Vladimir Ilich Ulianov, coñecido como Lenin**.

Lenin, que regresara do exilio en abril de 1917 coa axuda alemá, expuxo as súas coñecidas “**Teses de abril**”, nas que defendía a retirada inmediata da guerra, a repartición das terras e a transferencia de todo o poder aos soviets. O seu programa resumíase no lema “Paz, Terra e Pan”, que conectou profundamente coas aspiracións das masas populares.



Vladimir Ilich Ulianov, Lenin

4. Revolución de outubro de 1917 ou “Revolución Bolxevique”

A incapacidade do Goberno Provisional para resolver os problemas fundamentais do país, xunto co desgaste provocado pola guerra, debilitou progresivamente a súa autoridade. A continuidade no conflito bélico traducíuse nun novo fracaso militar coa chamada “Ofensiva Kerenski” no verán de 1917, que acabou nunha desastrosa derrota fronte ás tropas alemás e agravou aínda máis o descontento entre soldados e poboación civil.

Neste contexto de crise, incrementouse a tensión política e social. O “Pravda” (xornal bolxevique, editado por Kamenev e Stalin) mantivo inicialmente unha liña relativamente conciliadora cara ao Goberno Provisional, pero a postura bolxevique foi evolucionando rapidamente cara a un maior enfrontamento, a medida que se facía evidente a incapacidade do réxime para responder ás demandas populares.

Ao mesmo tempo, sectores conservadores e militares comezaron a organizarse para frear o avance revolucionario. No verán de 1917 produciuse o intento de golpe de Estado do xeneral Kornílov, que pretendía instaurar unha ditadura militar e restaurar a orde. O fracaso deste intento, en

parte debido á mobilización dos soviets e dos propios bolxeviques, evidenciou a extrema fraxilidade do sistema político e reforzou a posición dos sectores revolucionarios.

Neste contexto de crise, os bolxeviques decidiron tomar o poder. **O 25 de outubro de 1917** (ou 7 de novembro segundo o calendario occidental), baixo a dirección de Lenin e coa organización militar de León Trotski, iniciaron unha **insurrección en Petrogrado**. As forzas revolucionarias tomaron puntos estratéxicos da cidade e asaltaron o Pazo de Inverno, sede do Goberno Provisional, que foi deposto con escasa resistencia.


Unha vez no poder, os bolxeviques estableceron un **novo goberno baseado nos soviets, o Consello de Comisarios do Pobo (o “Sovnarkom”)**, liderado polo propio Lenin, e comezaron a aplicar unha serie de **medidas** destinadas a transformar profundamente a sociedade rusa:

- ✓ **Sinatura do Tratado de Brest-Litovsk con Alemaña (1918)**, polo que Rusia abandonaba a Primeira Guerra Mundial, aínda que a cambio tivo que ceder importantes territorios.
- ✓ **Expropiación** das grandes propiedades agrarias e **reparto das terras** entre o campesiñado.
- ✓ **Control obreiro das fábricas** e nacionalización progresiva da industria.
- ✓ Supresión do pluralismo político e instauración dun **sistema de partido único**, o Partido Comunista.
- ✓ **Creación da Cheka, unha policía política** encargada de reprimir a oposición e garantir o novo poder revolucionario.

Estas medidas supuxeron unha forte ruptura co sistema anterior e o inicio da construción dun Estado socialista.

5. Guerra Civil rusa (1918-1923)

A toma do poder por parte dos bolxeviques provocou unha forte oposición por parte de diversos sectores da sociedade rusa, como os partidarios do tsarismo, os liberais e outros grupos socialistas contrarios ao dominio bolxevique, que se agruparon no denominado **Exército Branco**. Este enfrontouse ao **Exército Vermello**, organizado por Trotski, nunha guerra civil que se prolongou entre 1918 e 1923, aínda que a vitoria soviética dábase por segura xa en 1921.



RUSIA DURANTE LA GUERRA CIVIL

- Territorios controlado por las fuerzas soviéticas
- Territorios secesionistas
- Fronteras de la URSS al final de la guerra

O conflito tivo tamén unha dimensión internacional, xa que potencias estranxeiras como Gran Bretaña, Francia, Estados Unidos ou Xapón apoiaron ao bando contrario aos bolxeviques, temendo a expansión da revolución comunista a outros países.

Durante a guerra, o goberno bolxevique implantou o chamado “**comunismo de guerra**”, un sistema económico e político extremadamente centralizado que tiña como principal obxectivo garantir a subministración ao exército e ás cidades. As súas principais características foron:

- ✓ **Control total da economía** por parte do Estado.
- ✓ **Nacionalización** das principais empresas e sectores produtivos.
- ✓ **Prohibición de folgas** e imposición dunha disciplina laboral estrita.
- ✓ **Confiscación de alimentos** no campo e racionamento nas cidades.
- ✓ **Supresión da propiedade privada** e impulso das primeiras formas de colectivización agraria.

A pesar das duras condicións, finalmente o Exército Vermello liderado por Trotski logrou impoñerse, consolidando o poder bolxevique en Rusia.

6. Construción do Estado soviético con Lenin (1917-1924)

Tras a vitoria bolxevique na Guerra Civil, iniciouse o proceso de consolidación do novo Estado socialista. O 30 de decembro de 1922 constituíuse oficialmente a **Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (URSS)**, un Estado federal que agrupaba inicialmente as repúblicas de Rusia, Bielorrusia, Ucraína e Transcaucasia (que incluía as actuais Xeorxia, Armenia e Acerbaixán). Posteriormente, especialmente tras a Segunda Guerra Mundial, o territorio da URSS ampliárase ata chegar a estar composto por un total de 15 repúblicas soviéticas.



Desde os primeiros momentos, o novo sistema político caracterizouse por unha crecente **identificación entre o Estado e o Partido Comunista da Unión Soviética (PCUS)**, de xeito que o poder real non residía nas institucións formais, senón nos órganos do Partido. Neste contexto, o Comité Central do Partido Comunista converteuse no principal organismo encargado de dirixir a política do país, marcando as directrices fundamentais da acción de goberno.

A nova organización política quedou definida coa **Constitución de 1924**. Formalmente, o órgano supremo do poder era o Congreso dos Soviets, e entre os seus períodos de reunión a autoridade recaía no Comité Executivo Central. Porén, na práctica, ambas institucións estaban controladas polo Partido Comunista, o que reforzaba ese paralelismo entre Estado e Partido e limitaba a existencia dun verdadeiro pluralismo político.

Ao mesmo tempo, os soviets foron perdendo progresivamente a súa capacidade real de decisión, mentres que a disidencia política era perseguida e reprimida pola Cheka, a policía política creada tras a revolución. Deste xeito, o sistema evolucionou cara a un modelo de partido único, no que o control político e ideolóxico se concentraba no PCUS.

6.1. Nova Política Económica (NEP)

Durante o período de goberno de Lenin, o principal reto foi reconstruír un país devastado pola guerra e evitar o colapso económico. Para iso, en **1921** implantouse a **Nova Política Económica (NEP)**, que supuxo unha **flexibilización do sistema socialista** ao introducir elementos de economía de mercado.

A NEP implicou o abandono do “comunismo de guerra” e a recuperación parcial da iniciativa privada. No ámbito agrario, os campesiños deixaron de sufrir requisas obrigatorias de gran e pasaron a pagar un imposto en especie, podendo vender libremente os excedentes no mercado. Isto favoreceu un aumento da produción agrícola e mellorou o abastecemento das cidades. Na industria, permitiuse a pequena e mediana propiedade privada, mentres que o Estado mantivo o control dos sectores estratéxicos como banca, industria pesada, transportes e comercio exterior.

Ademais, a NEP favoreceu a reactivación do comercio e a circulación monetaria, o que permitiu unha certa recuperación económica tras os anos de guerra e crise. Xurdiron novos grupos sociais, como os chamados “nepmen”, pequenos comerciantes e empresarios que aproveitaron as novas oportunidades económicas.

A pesar destes avances, a NEP xerou tamén críticas dentro do propio Partido Comunista, xa que algúns sectores considerábana unha concesión excesiva ao capitalismo. Sen embargo, Lenin defendeuna como unha medida temporal e necesaria para consolidar o poder soviético e estabilizar a economía. Grazas a esta política, a URSS logrou recuperar en boa medida os niveis de produción anteriores á guerra, ao tempo que se reforzaba o control político do Partido Comunista.

7. Construción do Estado soviético con Stalin (1924-1953)

A morte de Lenin en 1924 abriu unha loita polo poder no seo do PCUS. Os principais líderes diferían nas súas teses sobre o futuro do comunismo, xa que mentres León Trotski defendía a “revolución permanente”, que implicaba a extensión do proceso revolucionario a outros países, Iosif Stalin apostaba polo “socialismo nun só país”, centrado en fortalecer a URSS como base do sistema socialista.

Stalin logrou impoñerse mediante unha hábil estratexia política, aliándose inicialmente con outros dirixentes como Kamenev e Zinoviev para illar a Trotski, que finalmente foi expulsado do partido e condenado ao exilio en 1929. Unha vez eliminado o seu principal rival, Stalin consolidou o seu poder persoal e instaurou unha ditadura de carácter totalitario.

Durante o stalinismo, **o vencello entre Partido e Estado intensificouse aínda máis**. Xurdiu unha elite dirixente coñecida como **nomenklatura**, formada por membros do Partido que ocupaban cargos clave e que garantían o control político e administrativo do país baixo a autoridade de Stalin.

A **represión** converteuse nun elemento fundamental do sistema. A través das chamadas **purgas** e dos “Procesos de Moscova” (na década de 1930), miles de persoas foron acusadas de actividades contrarrevolucionarias, xulgadas sen garantías e condenadas á execución ou ao internamento en campos de traballo forzado (**gulags**). Este clima de terror asegurou a eliminación de calquera oposición real ou potencial.



No ámbito económico, Stalin abandonou a NEP en 1928 e iniciou un proceso de **planificación centralizada da economía**. Na agricultura levouse a cabo a **colectivización forzosa**, mediante a creación de granxas colectivas (“koljoses”) e estatais (“sovjoses”), co obxectivo de aumentar a produción e controlar o mundo rural.

Na industria implantáronse os **Plans Quinquenais**, programas económicos de cinco anos destinados a impulsar unha rápida industrialización. Estes plans priorizaron a industria pesada e militar, convertendo á URSS nunha gran potencia industrial en pouco tempo, aínda que a costa dun elevado sufrimento social, con crises alimentarias e unha forte explotación da man de obra.